

## O DEREITO Á VIVENDA NO CENTRO DA VIDA

As mulleres partimos de peores condicións económicas á hora de acceder a un teito nunha sociedade na que a vivenda é un negocio e non un dereito básico.

Con salarios e pensións máis baixas, maior temporalidade e precariedade no emprego, empregos peor pagados pola súa feminización e os problemas de acceso ao mercado laboral da conciliación e os cuidados que aumentan exponencialmente nas familias monomarentais as mulleres enfrontamos graves dificultades para acceder a unha vivenda en condicións dignas e que non supoña invertir a maior parte dos nosos ingresos. No caso das mulleres migrantes tamén o racismo social e económico supoñen máis unha dificultade engadida á situación económica para o acceso a este dereito.

Esta enorme dificultade supón en moitas ocasións a imposibilidade de desenvolver os nosos proxectos vitais con liberdade e independencia económica con todo o que iso implica nunha sociedade patriarcal na que o entorno familiar é un dos espazos nos que máis se reproducen das violencias machistas.

Cando reclamamos dereitos reais o dereito á vivenda é para nós, feministas galegas, un eixo central da loita polo noso dereito a unha vida digna.

## GARANTIR OS BENS BÁSICOS PARA VIDA

Vivimos nunha sociedade na que a alimentación, a enerxía e os bens básicos para a vida son produtos de mercado en lugar de dereitos. Nos últimos tempos asistimos ao incremento do prezo de todos os bens que consideramos básicos para a vida: alimentación, luz, gas, calefacción... todo para favorecer a acumulación capitalista en mans das transnacionais e as oligarquías a custa da vida das traballadoras.

Nun contexto no que as mulleres temos maiores dificultades para acceder a salarios dignos, temos pensións máis baixas e taxas enormes de temporalidade o acceso a todos estes bens básicos tórnase cada vez máis complicado.

Por iso tanto a loita pola soberanía alimentar que nos garanta unha alimentación sana, que promova a defensa do territorio e sexa accesíbel para as traballadoas como a loita por garantir o acceso a recursos enerxéticos básicos en todos os fogares son parte da nosa axenda de loita e mobilización neste 8 de marzo e os 365 días do ano.

[nacional@feminismo.info](mailto:nacional@feminismo.info) | [www.feminismo.info](http://www.feminismo.info)

EMPREGO DIGNO · SISTEMA PÚBLICO DE CUIDADOS  
SAÚDE PÚBLICA DE CALIDADE · DEREITO Á VIVENDA  
ALIMENTACIÓN E SUMINISTROS GARANTIDOS

# DEREITOS REAIS PARA AS MULLERES TRABALLADORAS GALEGAS



8M Día Internacional das Mulleres

## **POR UNHA REDE GALEGA PÚBLICA DE SERVIZOS DE COIDADOS**

Nos últimos anos, adiantándose á pademia, o movemento feminista galego puxo o foco na problemática dos coidados para reivindicar a súa revalorización. O lema A vida no centro é a expresión dun modelo socioeconómico sen explotación de persoas e recursos para beneficio duns poucos mesmo pondo a vida das persoas e do planeta en perigo.

Quixemos alertar a sociedade sobre a dimensión comunitaria e a importancia dos coidados para o benestar das persoas, cuxa responsabilidade atinxe a toda a sociedade e non só ás mulleres. Aínda que o levamos facendo ao longo da historia da humanidade, as mulleres non podemos seguir asumindo todo o peso dos coidados. Coidamos nas casa de balde; coidamos en traballos precarios sen o recoñecemento debido; coidamos mesmo arriscando a nosa saúde física e mental en demasiadas ocasións.

A outra cara dos coidados é a do negocio lucrativo, permitido ou mesmo promocionado polos gobernos, á costa da calidade da atención que se presta a persoas vulnerábeis, sen persoal e medios suficientes, e á costa da explotación de moitas mulleres que traballan nos servizos de axuda no fogar, nas residencias da terceira idade, de persoas con diversidade funcional, etc.

Non pode ser que os coidados e a saúde das persoas vulnerábeis dependan dos beneficios e flutuacións en bolsa dos fondos de investimento, multinacionais ou fondos voitre que están detrás das concesionarias destes servizos. As administracións públicas deben asumir a xestión directa destes servizos para garantir que se ofrezan con calidade e que as persoas coidadoras, a maioría mulleres, traballen con condicións dignas; xestión pública dos servizos de coidados para reconciliar o dereito de todas as persoas a seren coidadas co dereito das mulleres a un desenvolvemento persoal e laboral pleno.

## **PATRIARCADO E CAPITAL ATACAN A NOSA SAÚDE**

A crise sanitaria contribuíu a relegar os dereitos sanitarios das mulleres e puxo de relevo as desigualdades que tamén padecemos neste ámbito. Así, por exemplo, constatouse que o padrón masculino na identificación dos síntomas provocou infradisgnóstico nas mulleres. Da mesmo xeito, a investigación dos tratamentos farmacolóxicos, ao precindir dun número suficiente de mulleres nos ensaios clínicos, revelaron axiña efectos secundarios nas mulleres, cuxas consecuencias para a nosa saúde a día de hoxe descoñecemos.

A desigualdade na pandemia tamén aflorou na desproporcionada presenza masculina entre as persoas expertas visibilizadas nos medios de comunicación e nas publicacións científicas. É significativo que durante a pandemia as horas semanais que as científicas dedican ás publicacións caen de 6,2 a 1,6 mentres que as dos homes soben de 7 a 8,1.

As traballadoras da saúde e dos coidados en xeral estiveron na primeira liña, expóndose ao contaxio, ao sobreesforzo corporal e aos danos mentais froito do forte estrés provocado por vivencias moitas veces traumáticas.

A dificultade de acceso aos servizos de saúde, carencia que seguimos padecendo, combinado coa reclusión forzosa cos maltratadores durante o confinamento, puxo en situación de total vulnerabilidade a moitas, deixando ver a falta previsión e de preocupación real dos gobernos pola violencia de xénero.

Nesta nova normalidade, como na vella, seguimos reclamando unha sanidade pública de calidade e non androcéntrica, porque nisto nos vai a vida.

## **EMPREGOS DIGNOS PARA VIDAS DIGNAS**

Falarnos de emprego para as mulleres é cada día máis difícil, dunha situación xa de por si complicada que viviamos previamente á pandemia, esta só fixo agravar as nosas condicións deplorables de salario. Falar de emprego neste 8M é imprescindible, porque precisamos empregos dignos que non nos condeen a ser precarias, empregos que teñan condicións que se adapten á vida.

As mulleres traballadoras galegas precisamos ter unha vida digna, é posíbel isto sendo as mulleres as que cobramos as pensións máis baixas? Non, as mulleres temos unhas pensións un 35% inferiores aos homes.

A situación do traballo para as mulleres non fixo máis ca ir a peor, a nova reforma laboral acrecentou isto tamén, fomentando contratos de formación e temporais e fixos-discontinuos, sumado á temporalidade dos contratos que xa é maior para as mulleres e á parcialidade das xornadas e coa maior taxa de desemprego (75.400 mulleres desempregadas).

É difícil conciliar coa vida con todos estes problemas sistémicos que sufrimos por ser mulleres, alén do traballo asalariado somos as encargas (por excelencia) dos coidados e do traballo no fogar, a conciliación non serve para mulleres con medias xornadas, temporalidade... Todo o avance queda en papel mollado.

Seguimos reclamando medidas reais de igualdade no traballo, a derogación (de verdade) da reforma laboral para non estar condeadas á precariedade, protocolos de acoso no eido laboral que sexan efectivos e seguros para nós, equiparación na categoría para cobrar o mesmo que os homes polo mesmo traballo, medidas de conciliación que de verdade se poidan aplicar e nos axuden a conciliar a vida co traballo... Este 8M estamos nas rúas por un traballo digno, por unha vida digna para todas as mulleres de todos os pobos do mundo.

**TW @MMMGaliza**

**FB MMMGaliza**

**TG <https://t.me/mmmgaliza>**

>>>